Concellos, que a usted le parece tan insuficiente, supone en esta Diputación 44 millones frente a los 4,7 millones donde gobierna el Partido Popular al que usted, en el que usted milita. Pero mire, le voy a dar un dato absolutamente de vértigo y es el histórico del Plan Concellos desde que gobernamos en esta Diputación, desde que gobernamos aquí en el año 2016, Plan Concellos, 336,9 millones a disposición de los concellos, ¿sabe cuántos van donde ustedes gobiernan?, 37,6 millones. Pero vamos a concellos, dado que usted es alcalde, mire cuál es la diferencia, el concello que menos habitantes tiene en esta provincia, 600, Mondariz-Balneario, tiene un Plan Concellos de 267.000 euros. El concello de más habitantes en la provincia de Ourense, Carballiño, tiene 51.000 euros; si el concello de Carballiño estuviese en esta provincia tendría 1 millón de euros, Sr. Cubela. Pero vamos a Política Social, Diputación de Pontevedra, 7,7 millones; Diputación de Ourense, 1,2 millones. Eso si al 1,2 millones le llaman atencions benéficas, cada uno nos retratamos. Y vamos a Igualdad, si, Igualdad es la bandera desde el mes de julio de 2015 aquí, pero también hay que hacerlo efectivo, Igualdad Diputación de Pontevedra, 2,13 millones; ¿sabe cuánto dedican en la Diputación de Ourense?, 0 euros, Sr. Cubela. Y vayamos a Estradas Provinciales, con el mismo número de kilómetros prácticamente, 14 millones en esta provincia, en esta Diputación, 3 millones en la Diputación de Ourense. Eso si, las sendas peatonales que hace la Xunta de Galicia todas para ayuntamientos del Partido Popular. Pero vayamos al Deporte, inclusive superamos a la Xunta de Galicia en las aportaciones que hacemos, aquí lo tiene, no está mirando ningún gráfico, la verdad es que es una pena, luego se los paso; Deporte, Pontevedra, 4,1 millones; 440.000 euros, donde gobiernan sus correligionarios en Ourense. Y finalmente en Cultura, 3 millones en esta Diputación; 350.000 en Ourense. Miren, en la Diputación de Ourense se hacen inclusive modificaciones de crédito para desnivelar la provincia en favor de los concellos del Partido Popular. Cada vez que hay debate de presupuestos en la Diputación de Ourense la oposición pide un Plan Concellos de 21 millones y el Partido Popular vota en contra, y ustedes ante un Plan Concellos de 44 millones y dicen que es insuficiente. Miren, como se atreven a decir cosas de este plan que es el mejor plan y el más completo municipalista para los concellos. Se les debería de poner la cara colorada pero es verdad que el cemento y el hormigón armado no cambian de color. Esta es una osadía, oponerse a esto. ¿Sabe una cosa?, si esta fuese la Diputación de Ourense multiplicaríamos 51.000 por 59 concellos y sería un Plan Concellos de 3 millones frente a los 44 ...



Sra. Presidenta.- Rematouse o tempo Sr. Font. Sr. Mosquera, ten vostede a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Gracias Sra. Presidenta. Teño que felicitar ao Portavoz do PP porque é evidente que, o último ano de mandato, vai haber eleccións, polo tanto hai que opoñerse aos orzamentos, non teñen argumentos, os argumentos son absolutamente vanais, e fai como se o crera e fora algo serio. De verdade aí é unha posta en escea, unha posta en escea, que teño que felicitalo, no fondo non hai nada. Mira, dixo un día parafraseando a un, o seu Presidente do Goberno, no seu momento, Mariano Rajoy, dixo aquilo de “consejos vendo que para mi no tengo”, ¿verdade?, aquí cando gobernaba o PP nunca se chegou a que o Plan Concellos fora nin a metade do que é hoxe, nin a metade, é unha pena que non aplicaran eso que agora din e demais, nós fixémoslo o maior que hai comparativamente ó orzamento de todas as deputacións de todo o Estado. Bueno, nós actuamos, vostedes venden consellos que cando tiveron a responsabilidade non o fixeron, vamos, e moito me temo que se algún día, que dios nono queira, volven a gobernar aquí vai baixar o Plan Concellos e vai baixar en serio. Pero hai unha cousa que deslizou aí, que eu quero referirme e voume referir outra vez, mire, este goberno non ten nin un euro, nin un euro de libre disposición, o anterior seu tiña millóns e millóns, un ano 6, 8 millóns, de libre disposición, non ten nin un euro. E métense co de comunicación, eu non sei que manía teñen cos medios de comunicación, que afortunadamente na provincia de Pontevedra hai moitos e que gran parte deles axuda á súa supervivencia o que as institucións fagamos comunicación institucional. Non sei que manía teñen, de verdade, ou que manía teñen que se organicen algúns actos que nunca son pa loa de ninguén, algún se podía interpretar pero creo que dunha maneira forzada, que viven, empresiñas que viven pois de organizar, de poñer as sillas, de poñer, organizar un acto; non sei que manía teñen con eles, tanto cos medios de comunicación coma con eses. ¡Oiga!, porque se dixera, é que eso non existía aquí e agora resulta que ustedes puxeron unha millonada, é falso, é falso, máis ou menos é o mesmo que houbo sempre, que herdamos xa de cando gobernaban ustedes. Agora cando gobernan ustedes está ben pero cando non gobernan resulta que, digamos, facer comunicación institucional é malísimo e resulta que é para a loa de non sei canto, ¡hombre, por favor, por favor!, sexan un pouquiño coherentes, que hai moita xente e moitas empresas que dependen destos, ¡eh!, que dependen destos, ¡eh!, é pura demagogia, eu non sei se lle entrou a podemización, se cadra si, se cadra tamén, se lle entrou a podemización e andan con estas, con este tipo de cousas, que, repito, danlle de comer a moita xente e non son o que



ustedes pensan, seguro que non o pensan, o que vostedes soltan, que é peor aínda, ¿non?, que nono pensan e o soltan, senón pode dicir, por exemplo, a ver se houbera un periódico, que sei eu, na Estrada, en Lalín, ou un medio, ou en Cambados ou o que sexa, ¿non farían comunicación institucional e lle axudarían a sobrevivir?, ¿ou a unha radio ou o que sexa?, ¿non o farían?, ¿non o están facendo todos? Pois claro que si, claro que si, creo que é unha riqueza que haxa moitos medios, ou que deixamos que os medios sexan as grandes corporacións de Madrid e desaparecamos como información. Creo que hai que pensar un pouquiño, hai que pensar un pouquiño antes de soltalas, ¡eh!, antes de soltalas, porque en suposta crítica pero realmente a que están criticando non é a nós, estanse metendo, estanse metendo cun sector que dá moitos postos de traballo e que creo que é bo, socialmente é bo que haxa esa información plural, que haxa varios medios e que poidan sobrevivir dignamente, que, por certo, o están pasando francamente mal case todos, como todos saben, saben que todos os medios de comunicación están nunha situación bastante, bastante precaria. Se desde logo, se lle fixeramos caso, ¡eh!, que vostedes no farían, se estiveran no goberno no farían, evidentemente, pero si fixéramos caso e cortáramos eso despediríamos a non se sabe canta xente, na práctica, e crearíamos un problema bastante, bastante máis grave. Sean un pouquiño sensatos, eu xa sei que votar a favor estando na oposición é moi feo, non sei canto, pero teñan coidado co que din, teñan coidado co que din, que non ten ningún soporte, alá ustedes, se queren criticar o que mandamos ós concellos, nunca se mandou tanto, bueno, pois ustedes siguen criticando, o sea, o punto forte deste goberno que manda máis ós concellos do que mandou nunca esta Institución, gobernada por ustedes, nin outras institucións. Bueno, métanse ustedes patadas contra o aguillón, ou sea, eso xa é cousa súa, eso é cousa súa, pero con estas cousas hai que ter coidado co que se di. Moitas gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Ten a palabra Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Moitas gracias. No uso do meu turno de réplica quedo estupefacto que o gran punto deste goberno, en palabras do Sr. Mosquera e toda a intervención na defensa da súa réplica sexa a defensa dos medios de comunicación manipulando unha apreciación que fixen no meu discurso, podemizando ademais ó Grupo Popular. Polo tanto, xa deberíamos de preguntarlle se sigue no Bloque ou está en Vox. O Sr. López Font xa sabemos onde está, ¿non?, na oposición á Diputación de Orense, que ten un orzamento de 80 millóns de euros fronte a cento oitenta e pico da Diputación de Pontevedra.



Miren, por moito que suban o seu tono, por moito que pensen que nos amedrantan, por moitas faltas de respecto que queiran formular a todo o que teña relación co Partido Popular, nós estamos aquí para falar en liberdade, nós viñemos aquí a defender ós concellos, para nós tennos moita intranscendencia moitas das cousas que din pero o que si que nos ten transcendencia é o que vimos a facer hoxe aquí que é falar dos orzamentos. E está claro que os representantes do Psoe non saben do que falan cando se refiren ós orzamentos e moito menos á economía. O Plan Concellos non aumentou practicamente nada dende o ano 19 e o que si que aumentou foi un 9% a inflación para os concellos. As cifras falan por si solas. I esto é o que se debería de estar falando hoxe i explicando i non dedicarse a insultar i a confrontar e incluso pois a ler o informe ou a intervención que lle prepararon dende o gabinete comparándose exclusivamente con terceiros. Miren, notámoslos moi nerviosos, xa non controlan a unha boa parte dos seus alcaldes na provincia de Pontevedra, o sunami político que vén en España está ás portas, e seguro, seguro, que o Partido Popular vai a recuperar moitas alcaldías na provincia de Pontevedra. Pero a esperas diso o goberno da Deputación, a defensa dos concellos da provincia está aprazada, e iso é o que nos preocupa; está aprazada dende o ano 2015, porque nós vimos aquí a falar de concellos e vostedes falan doutras cousas, nós aquí vimos a defender propostas para os veciños e vostedes votan en contra. Nós advertímoslles que a Deputación vai a incrementar o que vai a recibir na participación de ingresos do Estado, votan en contra; i traen algo aquí que non é absolutamente nada realista, que é insolidario, e sobre todo que deixa ós concellos ás portas, ás portas, de no ano que vén, na metade do semestre, non poder pagar facturas. E a Deputación podía estar aí, a Deputación podía estar aí cooperando, a Deputación podía estar aí como un instrumento útil para os concellos pequenos i medianos da provincia de Pontevedra. Só lles digo unha cousa, “torres máis altas caeron”, as súas faltas de respecto constante ós alcaldes, ós concellos e ós colectivos vanse acabar e polo tanto o que lles dicimos é que están a tempo todavía, todavía, de poder facer algo nesta casa, e facer algo sen tratar de jactarse, de si as vías provinciais están nos concellos, tamén están as carreteras nacionais, tamén están as carreteras autonómicas, i polo tanto establecer aquí as bases para que os concellos poidan facer cousas importantes o ano que vén. Os criterios de libre disposición, miren, a súa libre disposición son todos os convenios que firman coas cidades sen ningún tipo de límite, sen ningún tipo de límite, eso é libre disposición, ou é que hai unhas bases para os convenios que se firman coas cidades, non o hai, eses son criterios de libre disposición. ¿Sabe cal é a diferenza e a pena?, que o único criterio de libre disposición que aplican no orzamento é un Plan Concellos





conxelado, que non aumenta para os municipios e que non reconece as realidades económicas que vivimos, esa é a diferenza. I miren, vostedes pois tirarán de demagogia, de carné y sobre todo pois dos mandamentos ós que nos teñen acostumados nestes anos na última intervención que falamos. Pero, aquí hai unha realidade clara que vostede nestes orzamentos que din que van a transformar as líneas económicas mundiales o único que son son unha oportunidade perdida unha vez máis para a provincia e para os concellos. O único que manteñen, o único que manteñen nestes orzamentos é o copia y pega dos mesmos argumentos ano tras ano, non hai nada distinto, non hai nada ambicioso, non reservan nin os cartos que supostamente non saben cando chegarán para os proxectos dos Next Generation, i a realidade é esta, un millón de euros máis sólo para os concellos, esto é o resumen deste goberno na Deputación de Pontevedra.

Sr. López Font.- El catedrático de la demagogia es usted Sr. Cubela, tuve conocimiento de que hizo unas declaraciones que decían que en el 2014 el Sr. Louzán había destinado 60 millones a los concellos. Pues que sepa que comprobadas las cifras oficiales sólo se destinaron 9,7 millones. Se confundió, 44 del Plan Concellos más 26 del Reacon son los 60 que pone a disposición este gobierno de los concellos. Cerdedo-Cotobade percibió un 395% menos en el 2014 que lo que percibe ahora; y A Estrada percibió un 567% menos que lo que percibe con este gobierno. Y digo que es el campeón de la demagogia y el catedrático de la demagogia porque ha hecho una defensa del tema de los problemas de aguas y de las comunidades de aguas y encima desconoce el Plan Concellos. Si tienen los concellos 3 millones, Sr. Cubela, para hacer frente a esos problemas. ¿Cómo dice que no atendemos? Cada concello tendrá que destinar las cantidades que le corresponden a lo que se entienda. Miren, quiero terminar en positivo, quiero felicitar a los concellos de esta provincia por este presupuesto. El municipalismo en la provincia de Pontevedra que nos encontramos en el 2015 no tiene nada que ver con el de hoy gracias a los presupuestos de este gobierno. Y, efectivamente, que comparamos con Ourense y comparamos con la Xunta, porque si alguno o alguna de ustedes fuese Presidente o Presidenta de esta Diputación gobernarían como en Ourense, tal cual, y por lo tanto usted, Sr. Cubela, tendría lo que yo llamo el modelo 51.000 euros, y entonces sí que le íbamos a oír clamar alto. Por lo tanto, ustedes son, como decía, la procesión de los caladiños y, evidentemente, secundan un modelo de la Xunta de Galicia. Miren, este es un debate muy importante pero le voy a decir algo en lo que seguro que no me equivoco, si en esta sala hubiera 61 alcaldes y alcaldesas de esta provincia ninguno o ninguna votaría en contra de estos presupuestos,





empezando por usted, Sr. Cubela, empezando por usted. Por lo tanto, estos presupuestos que hoy traemos son municipalistas, son igualitarios, que ustedes nunca lo han sido, el campeón de la demagogia es ser continuador del Sr. Louzán y venir aquí a hablar de promoción personal. ¡Pero si eran ustedes los campeones de los fondos de libre disposición! ¡Qué nos está contando! En positivo. Gracias.

Sra. Presidenta.- Pasamos á votación. Aprobación inicial do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio 2023. ¿Votos a favor?. ¿Votos en contra? Queda aprobado por 16 votos a favor e 11 en contra. Levántase a sesión.

A Presidenta da Deputación en cumprimento do disposto no artigo 168-1-a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18 -1-a) do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, elaborou o Orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2023, no que figura unha memoria asinada con data 13 de outubro de 2022 onde se explica o contido e as principais modificacións do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2023 en relación co de 2022.

Unha vez ditaminado o Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2023 pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, e co obxecto de atender as diversas obrigas de competencia provincial e dado que o mesmo se elaborou con observancia das prescricións legais e regulamentarias relativas ó mesmo, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP, a aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2023 que está integrado por:

- O Orzamento da Deputación de Pontevedra, por importe de 181.633.895,00 euros.
- O Orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 603.575,00 euros.
- O Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, por importe de 3.913.300,00 euros.



- O Orzamento do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, por importe de 1.147.614,00 euros.
- O Orzamento Xeral consolidado, por importe de:
  - En ingresos.....185.387.403,00 euros.
  - En gastos.....185.387.403,00 euros.
- Apróbanse as bases de execución do Orzamento Xeral da Deputación, e as específicas da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
- Apróbase o organigrama da Deputación, o da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, o do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e o do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
- Apróbanse os cadros do persoal funcionario, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral fixo, directivo e eventual da Deputación de Pontevedra, da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
- Apróbase o Anexo de investimentos para o exercicio 2023.
- Apróbase o plan (marco) orzamentario a medio prazo 2022-2024.
- Apróbanse os resúmenes por capítulos dos estados de gastos e ingresos dos orzamentos indicados, que son o seguintes:

## ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN

### ESTADO DE GASTOS



OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	50.419.227,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	39.532.704,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	105.002,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	31.555.688,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.000.000,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>122.612.621,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	16.905.139,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	41.587.902,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	287.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	240.833,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>59.021.274,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>181.633.895,00 €</b>

## ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos	13.918.299,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	14.920.959,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.231.701,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	137.424.819,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	236.826,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>178.732.604,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	1.000.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.400.791,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	500.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>2.901.291,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>181.633.895,00 €</b>

## ORZAMENTO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	541.074,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	61.400,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	100,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>602.574,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	1.001,00 €



<i>Total Operacións de Capital</i>	1.001,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>603.575,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	125.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	477.573,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	1,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>602.574,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.001,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>1.001,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>603.575,00 €</b>

ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	3.081.140,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	796.801,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	2.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.000,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>3.882.941,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais	30.359,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>30.359,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>3.913.300,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.986.200,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.927.000,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	100,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>3.913.300,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>3.913.300,00 €</b>



ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E TABEIRÓS-TERRA DE MONTES.

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	988.961,23 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	158.152,77 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>1.147.114,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	500,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>500,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>1.147.614,00 €</b>

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	208.300,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	939.314,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>1.147.614,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>1.147.614,00 €</b>

ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	55.030.402,23 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	40.549.057,77 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	105.102,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	29.647.708,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.003.000,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>126.335.270,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	16.936.999,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	41.586.901,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	287.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	240.833,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>59.052.133,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>185.387.403,00 €</b>



## ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos	13.918.299,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	14.920.959,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	14.551.201,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	138.858.726,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	236.927,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>182.486.112,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	1.000.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.400.791,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	500.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>2.901.291,00 €</i>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>185.387.403,00 €</b>

Este expediente de aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2023, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2023, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularen reclamacións contra o mesmo.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as trece horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

